




O CARBALLO E O PIÑEIRO

que non serve un rapaz. Hai que ter personalidade, e esa ningunha árbore a consegue en dez nin en vinte anos. Ademais os negocios feitos á presa para os que ti te prestas teñen feito verter moito sangue pola falla de escrúpulos que os acompañan.

Tocáralle algunha fibra dorida ó pino que replicou moi alporizado:

-¿Como te atreves a falar de personalidade ti cando ás veces te fan dobregar tanto que chegas a bicar o po e a lamber a terra?.

- Dixéchelo ti, - falou de novo con aplomo o carballo - fanme dobregar, e dobregarse sen



partirse cando non hai máis remedio, pode ser o único xeito de manter a personalidade. O importante é non dobregarse por dentro. Recorda que tan presto me ceiban volto á miña posición natural; "e iso chámase ter lei". ¿Podes falar de personalidade ti, que sempre estás á expectativa para ver de que banda ven o vento e bailar ó son que che toque?. E cónsteches que isto mesmo xa non me atrevería a dicilo por un pino do país, dos que abranguen penas na beira mar entre as súas raigañas.

- ¿E non bailas ti ó son que che toca? ¿Non bailas ó son que che toca o vento?.

Moi rexo, moi seguro o carballo respondeu:

- Bailar non. Terei que cambiar de movemento; porque non estou casado con ningún movemento predeterminado; pero antes de facerme cambiar o vento, eu fágolle zoar a el. E agora, xa que es tan negociante, véndeme o favor de calar, que vas espantar os paxariños que en min teñen casa cuberta para durmir, e neste mes para falar de amores. Xa comezan a chegar. Non che consinto que os espantes.

Falou con tal autoridade que non soamente calou o pino; ata eu marchei gacheriño coa egua do ramal. Cando máis adiante me puxen a cabalo segúin cavilando. ¡Era certo o que oíra dicir sobre o señorío espiritual dos carballos!.

A min xamais xe me ocorrería tratar de vostede a un pino, en troques, a un carballo si. Paréceme que para vender ou mercar un carballo hai que pedirle a el permiso dalgún xeito, mentres que un pino xa está para iso. Eu, dende logo, confiaría máis axiña na palabra dun carballo que na firma dun pino.

Hai outras árbores coma o castiñeiro, que, aínda que é máis presuntuoso que o carballo e semella andar sempre vestido de domingo coma se non tivese roupa de cada día, tamén son xente de peso. Agora que nisto de peso aínda hai graos.

Cando vexo caer un carballo tronzado por un vendaval ou pillado a traizón pola espada dunha motoserra, vexo caer "un xigante". Cando vexo caer un pino vexo caer un calquera.

O CARBALLO

- Raíces profundas e ben asentadas.
- Calidade "e de sempre".
- Autenticidade "o de dentro".
- Pel dura.
- Importa o que se é.
- Identidade "ser dun tempo e duna terra".
- Dignidade.
- Fertilidade.
- Dobregarse por fóra sen rachar por dentro.
- Non esta para vender ou mercar.

O PIÑEIRO

- Raíces ó aire e curtas.
- Cantidade "Son de onte pero arrombo tanto coma ti.
- Aparencia "o de fóra".
- Pel delicada.
- Importa o que se ten e a forma de conseguilo.
- Sonos prácticos "un por ano".
- Universal "de tódolos lados e de ningures".
- Está á expectativa para ver de que bando vén o vento e bailar o son que toque.
- Está para iso :vendelo, serralo e que sexa produtivo.